

# Persuasión



Irmás Cartoné, 2017  
Título orixinal: *Persuasion*  
Tradución: Celia Recarey Rendo  
Ilustración de cuberta: Carlos Valdés  
Deseño e maquetación: Irmás Cartoné  
Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-3-1  
Dep. Legal: C 195-2017



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa da autora, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.





JANE AUSTEN

# Persuasión

*Traducción de Celia Recarey Rendo*





## LIBRO PRIMEIRO





## CAPÍTULO I

Sir Walter Elliot, señor de Kellynch Hall, en Somersetshire, era un home que, para a súa diversión, xamais collía un libro que non fose o *Catálogo de baronetes*; nel atopaba ocupación para unha hora ociosa e consolo para unha aflita; nel as súas facultades víanse imbuídas de admiración e respecto ao contemplar o limitado remanente dos títulos máis antigos; nel toda sensación indesexable provocada polos asuntos domésticos transmutábase naturalmente en compaixón e desdén conforme repasaba as case interminables creacións do último século; e nel, cando todas as demais páxinas carecían de efecto, podía ler a súa propia historia cun interese que nunca desfalecía. Esta era a páxina na que o seu volume favorito sempre se abría:

### «ELLIOT DE KELLYNCH HALL

»Walter Elliot, nado o 1 de marzo de 1760, casado o 15 de xullo de 1784 con Elizabeth, filla de James Stevenson, señor de South Park, no condado de Gloucester, dama (finada en 1800) coa que tivo a Elizabeth, nada o 1 de xuño de 1785; Anne, nada o 9 de agosto de 1787; un varón falecido no parto o 5 de novembro de 1789; e Mary, nada o 20 de novembro de 1790.»

Así era como saíra orixinalmente o parágrafo das mans do impresor, pero sir Walter melloráralo engadindo, para información súa e da súa familia, estas palabras trala data de nacemento

de Mary: «Casada o 6 de decembro de 1810 con Charles, fillo e herdeiro de Charles Musgrove, señor de Uppercross, no condado de Somerset», e incluíndo, para maior precisión, o día do mes en que perdera a súa esposa.

A seguir relatábase a historia e auxe da antiga e respectable familia nos termos habituais: como se asentaran inicialmente en Chesire; que eran mencionados nos documentos de Dugdale como altos comisionados e representantes dun distrito en tres parlamentos sucesivos; os seus exemplos de lealdade; a obtención da dignidade de baronete no primeiro ano do reinado de Carlos II e todas as Marys e Elizabeths coas que casaran... todo isto até encher dúas fermosas páxinas de doceavo que concluían co escudo de armas e a indicación: «Sede principal, Kellynch Hall, no condado de Somerset» e, coa letra de sir Walter, este remate:

«Herdeiro presunto: o Sr. D. William Walter Elliot, bisneto do segundo sir Walter.»

A vaidade era o alfa e omega do carácter de sir Walter Elliot; a vaidade con respecto á súa persoa e á súa posición. Fora extraordinariamente guapo na súa xuventude e, aos seus cincuenta e catro anos, seguía sendo un home moi aposto. Poucas mulleres podían pensar máis na súa aparencia persoal do que o facía el, nin podía o mordomo de ningún lord acabado de nomear estar máis encantado coa súa posición social. Consideraba a beizón da beleza inferior unicamente á beizón dun título nobiliario e sir Walter Elliot, que reunía ambos dons, era o constante obxecto da súa máis fervente devoción e respecto.

Había un xusto motivo para o apego que lles tiña á súa gallardía e ao seu rango, pois a eles lles debía unha esposa dun carácter moi superior ao que el podía merecer por si só. Lady Elliot fora unha muller excelente, cabal e afable, cuxo xuízo e conduta, se

se lles podía perdoar o xuvenil namoro que a convertera en lady Elliot, nunca máis volveran requirir indulxencia. Consentira, suavizara ou ocultara os defectos do seu esposo e promovera a súa verdadeira respectabilidade durante dezasete anos, e aínda que non era o ser máis feliz do mundo, atopara nos seus deberes, as súas amizades e as súas fillas vínculos abondos que a agarrasen á vida como para que non lle resultase asunto indiferente cando foi chamada a abandonalos. Tres mozas, as dúas máis vellas de dezaseis e catorce anos, era un terrible legado para unha nai, unha horrible carga máis ben, que confiar á autoridade e guía dun pai fatuo e ridículo. Tiña, porén, unha amiga moi íntima, unha muller digna e cabal a quen o seu forte apego a lady Elliot levara a instalarse preto dela, na aldea de Kellynch; e era á súa bondade e consello aos que recorría principalmente lady Elliot para que lle axudasen a manter os bos principios e instrución que con tanta ansia lles inculcara ás fillas.

Esta amiga e mais sir Walter non casaran, anticipase o que anticipase aquela na súa mente cando se coñeceran. Pasaran trece anos desde a morte de lady Elliot e seguían sendo veciños achegados e amigos íntimos, e o un seguía viúvo e a outra viúva.

Que lady Russell, firme de idade e carácter, e extremadamente ben mantida, non tivese en mente un segundo casamento non é cousa que precise ser desculpada ante o público, que ten máis tendencia a amosarse inxustamente descontento cando unha muller volve casar que cando non o fai; mais a perseveranza de sir Walter na vida de solteiro require explicación. Que se saiba, pois, que sir Walter, como un bo pai (tras vivir unha ou dúas decepcións privadas con candidaturas moi pouco razoables), prezábase de ficar solteiro por mor das súas fillas. Por unha das fillas, a máis vella, sería quen de renunciar a calquera cousa, aínda que non se vira moi tentado a facelo. Aos dezaseis anos, Elizabeth sucedera, na medida do posible, á súa nai en dereitos e relevancia.

E, como era moi guapa, e moi parecida a el, sempre tivera unha grande influencia nel e entendéranse moi felizmente. As outras dúas fillas eran de menor valía. Mary adquirira certa importancia artificial ao converterse na señora de Charles Musgrove, pero Anne, cunha elegancia de mente e unha dozura de carácter que deberan situala en alta estima ante calquera persoa de verdadeiro entendemento, non era ninguén para seu pai nin para súa irmá: a súa palabra non tiña peso ningún, o que máis lle conviña era ceder sempre... non era máis que Anne.

Para lady Russell, porén, era unha queridísima e aprezada afilada, favorita e amiga. Lady Russell queríaalles ben a todas, pero era só en Anne en quen podía imaxinar a nai viva novamente.

Anos atrás, Anne Elliot fora unha moza moi bonita, mais a súa louzanía esmorecera pronto; tan radicalmente distintas eran as súas delicadas faccións e os seus doces ollos escuros dos del que, mesmo nos seus mellores momentos, seu pai atopara pouco que admirar nela e agora, esbrancuxada e fraca, non había nada que provocase a súa estima. Nunca tivera demasiadas esperanzas, e agora non tiña ningunha, de chegar a ler o nome de Anne en ningunha outra páxina do seu libro favorito. Toda alianza entre iguais debía descansar agora en Elizabeth, pois Mary só lograra vencellarse a unha antiga e respectable familia do país, posuidora dunha gran fortuna, á que, polo tanto, lle entregara todos os honores sen recibir ningún; algún día Elizabeth casaría como era debido.

Sucede en ocasións que unha muller é máis guapa aos vinte e nove anos do que era dez anos antes e, por norma xeral, se non houbo mala saúde nin ansiedade, é esta unha época da vida na que apenas se perdeu encanto ningún. Este era o caso de Elizabeth, que seguía sendo a mesma guapa señorita Elliot que era trece anos atrás, polo que se lle pode perdoar a sir Walter que esquecese a idade que tiña a súa filla ou, polo menos, pódese

considerar só medio parvo por pensar que el e Elizabeth estaban louzáns como nunca no medio da decadencia da beleza de todos os demais, pois vía con claridade o vellas que a súa familia e amizades se estaban a facer. A de Anne, macilenta, a de Mary, basta, todas as caras que o rodeaban ían a peor e o rápido crecemento das patas de galo nas tempas de lady Russell había xa tempo que era fonte de angustia para el.

Elizabeth non igualaba de todo a seu pai en satisfacción persoal. Levaba trece anos exercendo de señora de Kellynch Hall, presidindo e dirixindo a casa cunha compostura e unha decisión que non podían facela parecer máis nova do que era. Levaba trece anos a facer os honores, a ditar a lei doméstica na casa, a ser a primeira en montar na carruaxe e a camiñar inmediatamente detrás de lady Russell á saída de todos os salóns e comedores da rexión. As cíclicas xeadas de trece invernos vírana abrir cada baile de mérito que a exigua veciñanza ofrecía e trece primaveras exhibiran as súas flores mentres ela viaxaba a Londres co seu pai para gozar do amplo mundo unhas poucas semanas ao ano. As lembranzas de todo isto, a consciencia de ter vinte e nove anos, procurábanlle certos remorsos e certas aprehensións; estaba plenamente convencida de que seguía sendo tan guapa como sempre, pero sentía achegárense os anos perigosos e estaría encantada de ser debidamente pedida por alguén de sangue nobre nos próximos doce ou vinte e catro meses. Entón podería coller o libro de libros con tanto gozo como na súa primeira xuventude, pero agora non lle agradaba. Verse sempre enfrontada á súa data de nacemento e non ver máis data de casamento que a seguise que a da súa irmá máis nova, facía do libro algo maligno; e en máis dunha ocasión, cando seu pai o deixaba aberto enriba da mesa onda ela, o tiña pechado, desviando os ollos e arredándoo de si.

Sufrira, ademais, unha decepción da que aquel libro, e especialmente a historia da súa familia, sempre había ser lembranza. O herdeiro presunto, o mesmo Sr. D. William Walter Elliot cuxos dereitos foran tan xenerosamente apoiados por seu pai, decepcionáraa.

Sendo aínda moi nova, en canto soubera que, en caso de que ela non tivese ningún irmán, el sería o futuro baronete, propuxérase casar con el, e seu pai sempre tivera intención de que así fose. Non o coñeceran de rapaz, pero pouco despois do pasamento de lady Elliot, sir Walter fixera por coñecérense e, aínda que as súas iniciativas non foron recibidas con ningún entusiasmo, el perseverara no empeño, desculpando a modesta remisión da xuventude, e, nunha das súas excursións primaverais a Londres, cando Elizabeth estaba na flor da súa primeira xuventude, o señor Elliot vírase na obriga de aceptar que lla presentasen.

El era daquela un home moi novo, que acababa de iniciar estudos de Dereito, e Elizabeth atopouno extremadamente agradable, e os seus plans a favor do mozo quedaron confirmados. Convidárono a Kellynch Hall; botaron o resto do ano a falar del e a esperar por el, pero el nunca chegou. A primavera seguinte volvérono ver na cidade, atopárono igual de agradable e foi novamente animado, convidado e agardado, pero seguiu sen acudir e o seguinte que se soubo foi que estaba casado. En lugar de favorecer a súa propia fortuna na liña marcada para o herdeiro da casa de Elliot, adquirira a independencia uníndose a unha muller rica de nacemento inferior.

Sir Walter resentírase. Como cabeza de familia, sentía que debiera ser consultado, especialmente despois de pasarlle a man polo lombo ao mozo de maneira tan pública, pois debían «ser vistos xuntos», observara, «unha vez en Tattersall's e dúas no recibidor da Casa dos Comúns.» A súa desaprobación foi posta de manifesto pero, ao parecer, moi pouco tida en conta. O señor

Elliot non tratara de desculparse e amosara tan pouco interese en seguir recibindo as atencións da familia, como mérito para recibilas consideraba sir Walter que tiña; toda relación entre eles rematara.

Esta moi desagradable historia do señor Elliot seguía, despois de varios anos, provocando carraxe en Elizabeth, a quen lle gustara o home por si mesmo e máis aínda por ser o herdeiro de seu pai, e cuxo forte orgullo familiar só podía ver nel a parella adecuada para a filla primoxénita de sir Walter Elliot. Non había, do A ao Z, baronete a quen os seus sentimentos estivesen tan dispostos a recoñecer como un igual. Pero comportárase tan penosamente que, aínda que naquel momento (o verán de 1814) Elizabeth lucía fitas negras pola súa esposa, non podía consideralo merecente de volver pensar nel. A deshonra do seu primeiro matrimonio talvez puidese pasarse por alto, posto que non había motivo para supoñela perpetuada pola existencia de descendentes, de non ter feito cousa peor; pero fíxéraa, como soberan pola acostumada intervención dalgún bo amigo, pois falara deles dun xeito do máis irrespectuoso, co maior dos desprezos e desdéns, do mesmo sangue ao que pertencía e dos honores que algún día serían seus. Iso era imperdoable.

Tales eran os sentimentos e sensacións de Elizabeth Elliot; tales as preocupacións que temperar, as axitacións que aplacar, a monotonía e a elegancia, a prosperidade e o baleiro do seu panorama vital; tales eran os sentimentos que lle daban interese a unha residencia longa e carente de acontecementos no medio rural, que enchían os ocos que non había hábitos de utilidade fóra, talentos nin logros domésticos capaces de tapar.

Pero agora outro quefacer e ocupación mental comezaba a sumarse a eles. Seu pai andaba preocupado polo diñeiro. Ela sabía que cando agora collía o *Catálogo de baronetes* era para apartar as cuantiosas facturas dos seus fornecedores e as inoportunas

insinuacións do señor Shepherd, o seu axente, do pensamento. A facenda de Kellynch era boa, pero non estaba á altura do concepto que sir Walter tiña do que requiría o seu dono. Mentres lady Elliot vivira, houbera un método, unha moderación e un aforro que abondaran para conter os gastos por debaixo dos ingresos, pero con ela morrera toda prudencia semellante e desde entón vivira constantemente por riba das súas posibilidades. Non lle fora posible gastar menos; non fixera máis nada que o que sir Walter Elliot tiña a imperiosa obriga de facer; pero, libre de culpa como estaba, non só ía acumulando unha débeda tremenda, senón que tiña que oír falar dela tan a miúdo que se volvera inútil tratar de seguir ocultándolla, aínda que fose parcialmente, á filla. Déralle algúns indicios a pasada primavera, na cidade; chegara mesmo a dicirlle: «Podemos recortar gastos? Pareceche que hai algún artigo nesta casa do que poidamos prescindir?» e Elizabeth, para sermos xustas, dispuxérase, no fervor inicial de alarma feminina, a pensar seriamente que se podía facer e propuxera finalmente estas dúas ramas de aforro: eliminar certos actos caritativos innecesarios e conter o gasto de novo mobiliario para a sala de estar; medidas ás que despois engadiu a feliz idea de non levarlle ningún regalo a Anne, como adoitaban facer cada ano. Pero estas medidas, por boas que fosen en si mesmas, eran insuficientes fronte á verdadeira extensión do problema, que sir Walter se viu obrigado a confesarlle na súa totalidade pouco despois. Elizabeth non tiña ningunha proposta de maior eficacia. Sentíase mal tratada e desgraciada, igual que o seu pai, e ningún deles era capaz de idear unha maneira de reducir os seus gastos sen comprometer a súa dignidade ou renunciar ás súas comodidades dun xeito que non fose intolerable.

Só había unha pequena parte da súa facenda da que sir Walter podía dispoñer, pero aínda que cada acre fose alienable, non suporía diferenza ningunha. Consentira en hipotecar a propiedade até onde tiña autoridade para facelo, pero xamais consenti-



ría en vendela. Non, xamais deshonraría o seu nome até ese punto. A facenda de Kellynch sería transmitida completa e intacta, tal como el a recibira.

Os seus amigos de confidencias, o señor Shepherd, que vivía na vila máis próxima, e mais lady Russell, foron chamados a dar consello; e pai e filla parecían esperar que un ou outro borrasen de vez os seus obstáculos e reducisen os seus gastos sen que isto implicase a perda de ningunha gratificación para o gusto ou o orgullo.





ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO  
O 14 DE FEBREIRO DE 2017



